



FEDERACION GALEGA DE BILLAR

Luis Ksado, 17 - Of. 19
TELF. y FAX : 986 29 06 66
36209 VIGO



ACTA da ASEMBLEA

XERAL EXTRAORDINARIA

(ASEMBLEA CONSTITUINTE)

Membros da Asemblea Xeral

Estamento de Clubs

A.G.P.
C.C.R. de Chapela
Asoc. Billar Teo
B.C. Pontevedra
Club Billar Vigo
Club Billaristas Errantes

Estamento de Xogadores

Covadonga Marín
M^a Teresa Ropero

Estamento de Árbitros

Xosé R. González

Estamento de Técnicos

Xoán M. Casal Rubio

As 17:30 horas (en segunda convocatoria), do vinte e seis de novembro de 2018, e coa asistencia dos assembleístas citado na marxe, e ca presenza do Presidente e vogais da Xunta Electoral, iniciase a Asemblea Xeral Extraordinaria (Asemblea Constituínte) da F.G.B., no edificio das Federacións de Vigo, sito na rúa Luis Ksado, 17, có seguinte

ORDE DO DÍA

- 1º Elección de Presidente da F.G.B.
- 2º Elección de membros da Comisión Delegada

Segundo o apartado 3 do artigo 9 do Regulamento Electoral: “A Mesa Electoral estará composta por tres membros elixidos pola Xunta Electoral entre os membros da Asemblea Xeral. Sendo Presidente o membros de mais idade e Secretario o de menor idade.

Unha vez elixidos, constitúese a Mesa Electoral sendo:

Presidente: Juan Manuel Casal Rubio
Vogal: Gonzalo Souto Curras
Secretario: Pablo Álvarez García

1º Elección de Presidente da F.G.B.

Unha vez constituída á mesa o Presidente informa que soamente hai unha candidatura presentada polo que segundo o artigo 25 do Regulamento Electoral ao presentarse unha soa candidatura non hai que efectuar votación algunha.

Polo tanto queda proclamado provisionalmente Presidente da F.G.B. **D. Mateo Alonso Corredera.**

Á espera do remate dos prazo de reclamacións á esta proclamación provisional.

2º Elección de membros da Comisión Delegada

Antes de comezar coa elección dos membros da Comisión Delegada, o Presidente da mesa informa da nova normativa que existe ao respecto.

Á Comisión Delegada componse de nove membros máis o Presidente, un terzo dos membros son elixidos pola Asemblea, de entre os compoñentes do Estamento de Clubs, outro terzo de entre os outros Estamentos, debendo estar todos representados e o outro terzo será elixido polo Presidente, unha vez finalizados os prazos establecidos para o seu nomeamento definitivo.

Despois de efectuar esa aclaración, o Presidente da Mesa dá a coñecer as candidaturas recibidas e que son:

Polo Estamento de Clubs:

Candidatura presentada por el Club: *Asociación de Billar Teo*
Candidatura presentada por el Club: *Círculo de Chantada*
Candidatura presentada por el Club: *C.C.R. de Chapela*

Polo Estamento de Deportistas:

Candidatura presentada por: *Xosé Ramón Loeda Montoto*

Polo Estamento de Árbitros:

Candidatura presentada por: *Xosé Ramón González Ventosinos*

Polo Estamento de Técnicos:

Candidatura presentada por: *Xoán Manuel Casal Rubio*

Dado que os postos á cubrir coinciden coas candidaturas presentadas, xa que todos os Estamentos están representados non hai que efectuar ningunha votación e quedan proclamados PROVISIONALMENTE membros da Comisión Delegada:

Asociación de Billar TEO
Círculo de Chantada
Círculo Cultural Recreativo de Chapela
Xosé Ramón Loeda Montoto
Xosé Ramón González Ventosinos
Xoán Manuel Casal Rubio

Quedando pendentes de nomear por parte do Presidente os tres membros restantes.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión cando son as 18:45 horas da data arriba sinalada.

Asdo.; Juan Manuel Casal Rubio
PRESIDENTE

Asdo Gonzalo Souto Currás
VOGAL

Asdo.: Pablo Álvarez García
SECRETARIO